




Concello de Vigo

SECCION: URBANISMO
OFICINA: PLANEAMENTO
ASUNTO : MODIFICACION E.D. CANCELA.
Nº Expdte: 2019/411



INFORME - MEMORIA XUSTIFICATIVA -

0. ANTECEDENTES. -

-O Estudio de Detalle do Polígono de Cancelas (Modificación do Polígono 12-19 do Plan Parcial da Florida) aprobouse definitivamente o 29 de Febreiro de 1984.

-O Proxecto de Urbanización do devandito Polígono aprobouse definitivamente o 14 de setembro de 1985.

-Posteriormente, na execución da urbanización da Rua Salvador Allende (Vial nº 4 do devandito Estudio de Detalle), e , o parecer con motivo das obras provisionais que se levaron a cabo para desviar o tráfico polas obras de construción do Túnel da Praza de América, modificouse a rasante, conectándoa coa Avenida de Castelao, e , polo tanto, non axustándose o Estudio de Detalle e Proxecto de Urbanización aprobado.

-Como consecuencia da modificación da rasante do vial alteráronse as condicións de ordenación das parcelas colindantes no referente a rasantes e ocupación baixo as mesmas, que deben corrixirse nunha Modificación Puntual de Planeamento.

-Por parte de Don Antonio Fernández Gonzalez, na súa condición de Presidente da Xunta de Compensación do Polígono, presentouse o 30 de Xaneiro de 1992 unha solicitude de axuste de Proxecto e Modificación do Estudio de Detalle polos motivos antes expostos e que non acadou aprobación polas deficiencias que presentaba, daquela, a documentación presentada.


-O 24 de Maio de 1993 Urbanismo Vigo S.A. presenta planos do axuste necesario no Estudio de Detalle para acomoda-las rasantes o vial xa executado, documentación á que a Oficina Técnica Municipal engade este Informe como Memoria Xustificativa.

-A Modificación, que afecta ós planos 1, 5, 6, 7, e 10 do Estudio de Detalle , consiste nunha nova disposición das rasantes do Vial 4 do Estudio de Detalle, que pasa no seu último tramo da cota 8,00 á cota 9,00, coa conseguinte modificación das escaleiras de acceso, rampas e rasantes da plaza interior.





Concello de Vigo



1. CONDICIONS DE PLANEAMENTO.-

No Expediente de Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, con aprobación definitiva por parte da COTOP da Xunta de Galicia o 29-IV-93 (D.O.G. 10-V-93), o referido Estudio de Detalle aparece como E.D. II-03 CANCELAS, como actuación en marcha con aprobación definitiva e unha ficha de características na que se indica que deberá procederse ó axuste de rasantes para conexión do viario coa Avda. de Castelao.

O obxecto, polo tanto, deste Expediente, está recollido no planeamento xeral, tratándose, xa que logo, dunha modificación de planeamento secundario que desenvolve as novas determinacións do Plan Xeral.

1. TRAMITACION DA MODIFICACION DO ESTUDIO DE DETALLE.-

Con carácter xeral, a lexislación urbanística (RDL 1/92), no artigo 128, e 161 do Regulamento de Planeamento, indica que as modificacións de plans suxetaranse as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Neste caso, a Modificación dun Estudio de Detalle aprobado deberá tramitarse dacordo co esixido no artigo 117 do Real Decreto lexislativo 1/92 (Texto Refundido), e que consiste básicamente en:

- Aprobación inicial polo Concello.
- Información ó público durante quince días, para que poidan ser examinados, e presentadas as alegacións procedentes mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia.
- A vista do resultado da información ó público o Concello aprobará definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

O artigo 140 do Regulamento de Planeamento precisa ademais a necesidade de notificación persoal os interesados, e a publicación no Boletín Oficial da Provincia de anuncios trala aprobación inicial e definitiva.

Polo tanto, básicamente o Expediente completo debe de tramitarse como mais arriba se indica.





Concello de Vigo



As modificacións contidas neste Expediente non incrementan a densidade residencial na zona nin propoñen unha diferente zonificación ou uso urbanístico de espazos libres nin zonas verdes, polo que non se deben contemplá-los supostos dos artigos 128.2 e 129 do RDL 1-92 nin dos artigos 161.2 e 162 do Regulamento de Planeamento.

A modificación non ocasiona prexucio as condicións de ordenación dos predios colindantes.

2. DOCUMENTACION .-

O presente Expediente contén a Documentación esixida no Artigo 91.2 do RDL 1-92, 66 do Regulamento de Planeamento.

3. RELACION DE INTERESADOS.-

A efectos de notificacións confecciónase a seguinte relación de interesados:

- Xunta de Compensación do Estudo de Detalle do Polígono de Canela.
- URBANISMO VIGO S.A./ C. Quintela 27 baixo- VIGO.

Vigo a 10 de Xuño de 1993
O Arquitecto Municipal:


Asdo. Antonio Alonso Fernández

